



IMPORTANTE: INFORMACIÓN SOBRE A TOMA DE POSESIÓN DO CONCURSO DE TRASLADOS

As funcionarias e funcionarios que obtiveron destino definitivo na resolución do 1 de abril de 2014, que puxo fin ao **concurso de traslados** convocado pola Orde do 16 de outubro de 2013, **deben tomar posesión o 01/09/2014 de acordo cos destinos adxudicados na Resolución do 1 de abril de 2014.**

Dito concurso de traslados está afectado por tres sentenzas que anulan parcialmente o baremo de méritos. No entanto esas sentenzas non son firmes, pois diversos participantes no concurso de traslados presentaron recursos de apelación contras elas. Isto significa que a resolución do concurso de traslados do 1 de abril de 2014 segue despregando os seus efectos. É dicir, mentres as sentenzas non sexan firmes ou o Xulgado non acorde a súa execución provisional, o acto impugnado non está expulsado definitivamente do ordenamento xurídico e vincula á Administración e aos interesados, incluída a adxudicación definitiva de destinos que outorga a Resolución do 1 de abril de 2014. Sen prexuízo do que resulte, cando esas sentenzas sexan executivas, se é o caso.

A Consellería anunciou a súa intención de non recorrer as sentenzas, pero non pode impedir, lóxicamente, que outras persoas interesadas si o fagan e impidan así que aquelas sexan firmes e, consecuentemente, a súa execución definitiva.

A Consellería non puido informar ata agora de cal sería a situación exacta de cara ao comezo do curso 2014/2015 pois estaba pendente de coñecer oficialmente se as sentenzas eran firmes ou se pola contra se interpuxera contra elas recurso de apelación, o que foi o caso. Asemade, estaba iniciada a tramitación no Xulgado dunha solicitude de execución provisional da sentenza, pero con esta data a dita tramitación non finalizou, sen que poida finalizar en agosto por ser este mes inhábil para os procesos xudiciais.

Xa que logo, o interese xeral no comezo ordenado do curso académico e o interese particular en coñecer cales son os actos válidos de cara ao inicio do curso 2014/2015, é o motivo de facer o presente anuncio na páxina web corporativa.

Ao fío do anterior, cómpre tamén continuar a tramitación dos procedementos de adxudicación de destinos provisionais, intimamente vinculados ao que resulte do concurso de traslados. Así, esta previsto que o 05/08/2014 se dea publicidade na páxina web corporativa ás resolucións provisionais, e que o 28/08/2014 e o 09/09/2014 se dea publicidade na mesma páxina web das resolucións definitivas, respectivamente, do procedemento de adxudicación de destinos provisionais de mestres e do procedemento de adxudicación de destinos provisionais do resto dos corpos docentes.